

J.-H. ROSNY O MAIOR

A morte da Terra

Traducido por Isabel Soto



Vólvense os paxaros contra as escopetas

I

Palabras a través da extensión

O terrible calistro enmudecera. Había quince días que a súa desagradable voz ateigaba o oasis de temor e tristura. Fora necesario erguer as proteccións contra os furacáns e mais os invernadoiros de silicio elástico. Por fin, o oasis comezaba a amornar.

Targ, o vixilante do Gran Planetario, sentiu unha desas súbitas alegrías que iluminaban a vida dos humanos no divino tempo da Auga. Que fermosas estaban as plantas de novo! Trasladaban a Targ á orixe das idades, cando os océanos cubrían as tres cuartas partes do mundo e o ser humano medraba entre fontes, ríos, regatos e lagos pantanosos. Que frescura presentaban as incontables xeracións de vexetais e de animais! A vida pululaba até o máis fondo dos mares, onde había pradeiras e selvas de algas coma fragas e sabanas de herbas. Ante as criaturas abríase un inmenso porvir; o ser humano apenas presentía os afastados descendentes que tremerían á espera da fin do mundo. Imaxinaría algunha vez que a agonía duraría máis de cen milenios?

Targ ergueu os ollos cara a aquel ceo onde xa nunca aparecían os nubeiros. A mañá aínda ía fresca, pero ao mediodía o oasis estaría tórrido.

—Achégase a colleita! —murmurou.

O vixilante mostraba un rostro pardento, con ollos e cabelos tan negros coma a antracita. Coma o resto dos Últimos Humanos, tiña o peito ancho, mentres que o seu ventre se contraía. As súas mans eran finas, as súas mandíbulas pequenas, os seus membros manifestaban máis axilidade ca forza. As súas roupas de fibras minerais, tan flexíbeis e cálidas coma as antigas las, cinguíanse ao seu corpo; o seu ser exhalaba unha graza resignada, un engado temesiño que subliñaban as fazulas estreitas e a luz medita-bunda das meniñas.

Entretíñase contemplando unha plantación de altos cereais e rectángulos de árbores que lucían tantas froitas coma follas.

—Idades sagradas, albas prodixiosas nas que as plantas cubrían o planeta de corta idade! —exclamou.

Como o Gran Planetario se atopaba nos confíns do oasis e do deserto, Targ enxergaba unha sinistra paisaxe de granitos, sílices e metais, unha chaira desolada que se estendía até os contrafortes das montañas nús, sen glaciares, sen mananciais, sen un argueiro de herba nin unha placa de lique. Nese deserto de morte, o oasis, coas súas plantacións rectilíneas e as súas aldeas metálicas, era unha mísera mancha.

Targ sentía o peso da vasta soidade e dos montes implacables; levantou a cabeza con melancolía cara á bóveda do Gran Planetario, que despregaba unha corola sulfúrea cara á ozca das montañas. Feita de arcum e sensible coma unha retina, só recibía as cadencias do mar, emanadas dos oasis e, segundo o seu axuste, apagaba aquelas ás que o vixilante non debía responder.

